



ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS – BETANZOS

GUÍA PROMOTOR LEADER

2026 - 2028



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



XUNTA
DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

LEADER

Desenvolvemento liderado polas comunidades locais

1. LEADER 2023-2027

Os Fondos LEADER son unha iniciativa da Unión Europea (UE) enmarcada na Política Agraria Común (PAC) e financiada a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Os Fondos LEADER son, en definitiva, unha ferramenta da UE para impulsar o desenvolvemento económico e social nas áreas rurais, involucrando activamente ás comunidades locais na toma de decisións e a implementación de proxectos que aborden as súas necesidades específicas.

LEADER 2023-2027 é un programa de axudas dirixidas a persoas emprendedoras, empresarios/as, entidades locais, e entidades sen ánimo de lucro do medio rural que contribúen a acadar os obxectivos da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) que ten elaborado o Grupo de Desenvolvemento Rural.

Na Comunidade Autónoma de Galicia este programa finánciase a través dos convenios asinados entre AGADER e os Grupos de Desenvolvemento Rural no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común e da continuidade á colaboración entre a Consellería de Medio Rural e os GDRs. Atopámonos na segunda convocatoria enmarcada no PEPAC, xa que durante o período 2014-2020 a Medida Leader estaba incluída no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR).

As axudas do programa LEADER son xestionadas polos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) no seu ámbito xeográfico.

2. INFORMACIÓN XERAL

Neste apartado tratamos de dar resposta a unha serie de dúbidas sobre as axudas LEADER 2023-2027, co fin de facilitar unha información inicial que poderás ampliar nos seguintes apartados.

** Este apartado ten carácter informativo e carece de valor normativo. No caso de estar interesado en solicitar unha axuda LEADER recoméndase acceder á normativa reguladora: “Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección, do 17 de decembro de 2025, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da intervención Leader, cofinanciadas co Feader no do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), e se anuncia a convocatoria para o ano 2026”.*

QUEN PODE SOLICITAR UNHA AXUDA LEADER 2023-2027?

O LEADER contempla diferentes liñas de axudas, segundo os destinatarios.

Proxectos promovidos por **entidades de carácter público**:

- **Axudas a Entidades Locais ou Comarcais:** Concellos, Mancomunidades, Consorcios e entidades dependentes das anteriores.

Proxectos promovidos por **entidades de carácter privado**:

- **Empresas privadas e particulares** (axudas ao investimento e ao emprego): autónomos, sociedades, desempregados, etc.
- **Axudas a entidades sen ánimo de lucro:** asociacións, fundacións, organizacións empresariais, Comunidades de Montes Veciñais en Man Común e as súas Mancomunidades, etc.

As persoas beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Cumprir os **requisitos de pequena empresa**: empregar **menos de 50 persoas** e ter un volume de negocio anual ou un **balance xeral anual que non supere os 10 millóns** de euros (Anexo I do Regulamento UE 651/2014, do 17 de xuño).
- Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ONDE SE PODE SOLICITAR UNHA AXUDA LEADER?

O **ámbito territorial** para solicitar as axudas LEADER son os concellos que conforman o GDR-23 Mariñas-Betanzos:

- Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne e Sada.



*** Non serán subvencionables os proxectos localizados nas entidades singulares de poboación de máis de 6000 habitantes: 02100 Arteixo; 000100 Betanzos; 080100 Perillo; 060400 Sada.**

OS PROXECTOS SUBVENCIONABLES DEBERÁN CUMPRIR OS SEGUINTE REQUISITOS:

- Estar localizados no ámbito territorial elixible do GDR Mariñas-Betanzos.
- Ser viables técnica, económica e financeiramente (proxectos produtivos), e técnica e financeiramente (proxectos non produtivos).
- Axustarse á normativa sectorial.
- Non estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda (a compra de terreos e os traballos preparatorios, como a obtención de permisos e a realización de estudos de viabilidade, non terán a consideración de inicio).
- Ser finalistas (non poderán subvencionarse fases dun proxecto).

CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA

A Asociación Mariñas-Betanzos optou por reducir o importe máximo das axudas nos Proxectos Produtivos e Non Produtivos a **75.000 euros**.

- Se fixa un **límite mínimo de 35 puntos sobre os 100 puntos máximos para que o proxecto poida ser elixible**.

TIPOLOXÍA DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES

A. PRODUCCIÓN AGRARIA PRIMARIA (proxectos produtivos).

- Serán subvencionables **os investimentos en explotacións agrarias que se refiran á mellora da súa eficiencia enerxética e/ou ao emprego de fontes de enerxía renovables** segundo o disposto no artigo 10.2 da Resolución do 27 de Abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución da intervención Leader.
- Serán subvencionables **pequenos proxectos ata 30.000 €** de investimento total elixible sempre **que supoñan o inicio ou implantación dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal, sempre que esta constitúa unha actividade complementaria á actividade principal non agraria do promotor do proxecto**.
- Serán subvencionables os investimentos que estean **vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras** regulados na normativa vixente.

B. TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS AGRARIOS (proxectos produtivos).

- Consideraranse produtos agrarios os enumerados no anexo I do Tratado da UE, excepto os produtos da pesca.
- Considerarase transformación e comercialización de produtos agrarios cando polo menos o 85% de materias primas utilizadas para a transformación estean incluídas no citado anexo I do Tratado.
- Serán **proxectos cun orzamento total máximo de 60.000 euros**, destinados a mellorar a competitividade e/ou a sustentabilidade ambiental das pequenas agroindustrias do rural galego.
- Os investimentos deben cumprir a normativa aplicable en materia de sanidade e benestar animal.

C. TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS FORESTAIS (proxectos produtivos).

Consideraranse como transformación e comercialización de produtos forestais as operacións anteriores á primeira transformación industrial. Apoiaranse investimentos para o uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, así como a produción de bioprodutos forestais como pode ser o aproveitamento de resinas ou similares, a produción de cogomelos baixo substrato forestal, equipamento, recolla e procesamento da castaña. En todos os casos, os investimentos están referidos á produción a pequena escala.

Os proxectos promovidos por Comunidades ou Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común ou por agrupacións de propietarios serán subvencionables no caso de que inclúan unha extensión superior ás 15 hectáreas. Co obxectivo de delimitar polo miúdo os proxectos subvencionables que se poden encadrar nesta tipoloxía de proxectos, cómpre sinalar que a maquinaria que se considerará subvencionable deberá estar asociada, en todo caso, ao uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, tendente á produción a pequena escala de tronza de madeira e/ou para pélets. En concreto, a maquinaria subvencionable a través desta tipoloxía de proxectos será a indicada no anexo II da resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027 (DOG, 10 Maio de 2023).

As empresas que opten ás axudas previstas neste artigo deberán acreditar que, polo menos unha porcentaxe do 50% da súa facturación está vinculada ao uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, tendente á produción a pequena escala de tronza de madeira e/ou pélets, achegando un contrato, facturación ou calquera medio de proba que o acredite.

D. CREACIÓN, MODERNIZACIÓN OU AMPLIACIÓN DE TODO TIPO DE EMPRESAS NON AGRARIAS (proxectos produtivos).

- Poderán subvencionarse proxectos para a mellora da calidade de vida en zonas rurais e diversificación en zonas rurais e diversificación da economía rural, supoñan a creación, ampliación e modernización de pequenas empresas, en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria.
- Os investimentos que se limiten a substituír un edificio ou unha máquina existente, ou partes deles, por un edificio ou por outra máquina nova, unicamente subvencionables no caso de que a substitución supoña ampliar a capacidade de produción en máis dun 25% con respecto á que viña desenvolvendo o edificio ou a maquinaria substituída.

Por modernización entenderase a diversificación da produción.

E. BONO ACTIVA RURAL.

- O Bono Activa Rural configúrase como unha subvención que **se basea nun importe de axuda a tanto global destinado á creación e posta en marcha de actividades non agrarias en zonas rurais**. A axuda non estará vinculada á xustificación de ningún gasto ou investimento, senón que se vincula ao mantemento da actividade e ao cumprimento do plan empresarial presentado pola persoa seleccionada durante polo menos 5 anos, contados desde a data de alta censual.
- As persoas beneficiarias desta tipoloxía son as persoas físicas, que se dean de alta no réxime de traballadores autónomos e xeren unha actividade empresarial a título individual en que polo menos creen o seu posto de traballo.

F. PROXECTOS NON PRODUTIVOS.

- Poderán subvencionarse **proxectos que teñan un interese público ou colectivo**, é dicir, que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito ao conxunto da poboación ou da sociedade en xeral, e que non supoñan unha actividade económica.
- A subvencionabilidade dos proxectos relacionados co mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e de zonas de alto valor natural dependerá de que o departamento da Xunta competente na materia acredite o interese da proposta ou ben de que estea definido como de interese na Estratexia do GDR.
- O plan de mantemento, restauración, mellora ou posta en valor do patrimonio natural ou cultural a que se fai referencia no parágrafo anterior deberá contar con informe favorable previo do departamento da Xunta competente na materia.
- Tamén serán subvencionables, entre outros, os proxectos referidos á creación, mellora ou ampliación de todo tipo de servizos para a poboación rural como as actividades recreativas e culturais, xunto coas correspondentes infraestruturas a pequena escala. No suposto de que o proxecto, que deberá ser igualmente de interese público ou colectivo, comporte unha actividade económica por si mesmo ou maneira coadxuvante, terá a consideración de non produtivo cando os ingresos que se xeren procedan de taxas no caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais. No resto de casos, tanto para os proxectos promovidos por entidades públicas locais en que os ingresos proceden de prezos públicos como nos casos de proxectos promovidos por outros promotores distintos ás entidades públicas locais, os proxectos poderán ter a consideración de non produtivos cando o beneficio bruto operativo non chegue a superar o resultado ou valor da capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro.
- Unicamente poderán ser beneficiarias desta tipoloxía de proxectos as entidades sen ánimo de lucro, as entidades públicas locais e as comunidades de montes veciñais en man común ou as mancomunidades.
- Excepcionalmente, poderá ser subvencionable o alugamento de instalacións e equipamentos nos proxectos en que algunha das persoas que poidan ser beneficiarias ao abeiro desta tipoloxía de proxectos participe nalgún proxecto consistente nun certame, evento ou feira que reúna os requisitos para ter a consideración de proxecto non produtivo ao abeiro deste artigo.

G. PROXECTOS DE TURISMO.

Os proxectos de turismo subvencionables a través do Programa LEADER enmárcanse no Acordo de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a AGADER para a coordinación de actuacións públicas con incidencia no sector turístico promovidas no territorio de Galicia, no marco do PEPAC 2023-2027.

Poderán subvencionarse:

- 1) Investimentos que supoñan a creación de establecementos de restauración
 - a) Os clasificados dentro do grupo III (art. 77 da Lei 7/2011, do 27 de outubro), sempre e cando no núcleo de poboación non exista ningún outro establecemento.
 - b) Casas de comidas, cando no núcleo non exista ningún outro establecemento.
- 2) Os investimentos que supoñan a creación de establecementos de aloxamentos turísticos (Lei 7/2011, do 27 de outubro):
 - a) Investimentos que supoñan a creación de establecementos clasificados segundo a lexislación como campamentos de turismo :
 - i) Cando se trate de campamentos de turismo constituídos só por parcelas destinadas a tendas de campaña, caravanas, autocaravanas e calquera elemento transportable semellante, o número destas deberá ser como mínimo de 15.
 - ii) No caso de que se trate de campamentos de turismo constituídos só por parcelas con instalacións estables destinadas a aloxamento temporal, o número destas deberá ser como mínimo de 10.
 - iii) Cando se combinen os dous tipos de parcelas, o número de parcelas destinadas a tendas de campaña, caravanas, autocaravanas e calquera elemento semellante será como mínimo de 20 e para parcelas con instalacións estables destinadas a aloxamento temporal será como mínimo de 8.
 - b) Os investimentos que supoñan a creación de establecementos clasificados como pensións:
 - i) No caso de que se trate de pensións constituídas só por habitacións, o número de estas deberá ser como mínimo 4.
 - ii) No caso de que se trate de pensións constituídas só por apartamentos, o número destas deberá ser como mínimo 3.
 - iii) Cando se combinen habitacións e apartamentos, o número de habitacións será como mínimo de 2 e o número de apartamentos será como mínimo de 2.
 - c) Os investimentos que supoñan a creación de establecementos clasificados segundo a lexislación vixente como hoteis ou establecementos de turismo rural.
- 3) Os investimentos tendentes á creación e/ou mellora de empresas de servizos turísticos complementarios. Para os efectos deste acordo, terán a consideración de servizos turísticos complementarios os regulados no artigo 88.1 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia.
- 4) Actuacións sobre ruta de sendeirismo homologadas pola Federación Galega de Montaña.

Ademais os investimentos sinalados nos puntos 1) e 2) deberán levar aparellada a creación como mínimo dunha (1) UTA.

GASTOS SUBVENCIONABLES

- a) **A construción, adquisición e mellora de inmobles que vaian ser utilizados en relación cos obxectivos do proxecto.** No caso de adquisicións de inmobles, a porcentaxe subvencionable non poderá superar o 50% do total dos gastos subvencionables. Deberán cumprirse os seguintes condicionantes:
- Achegando un informe dun taxador independente, acreditado, que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado.
 - O ben inmueble non pode ter sido obxecto nos últimos 10 anos de ningunha subvención nacional ou comunitaria.
 - Os edificios quedarán afectos ao destino previsto durante un período non inferior a 5 anos.
 - No caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais ou comarcais ou polas súas entidades dependentes, os inmobles non poderán usarse para albergar servizos de carácter meramente administrativo.
 - Non será subvencionable a compra de inmobles que vaian ser derrubados nin a compra de inmobles a familiares de primeiro grado, ou a socios da entidade beneficiaria do proxecto.
- b) **A adquisición de terreos ata o límite do 10% do total dos gastos subvencionables.**
- Achegando un informe dun taxador independente, acreditado, que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado.
 - Que exista unha relación directa entre a compra e os obxectivos da operación.
 - Que non estean edificadas ou o estean con construcións que deban derrubarse.
- c) A adquisición de **maquinaria e equipamentos novos.**
- d) Investimentos intanxibles como a adquisición e o desenvolvemento de **programas informáticos, así como a creación de webs, estudos, publicacións e investimentos necesarios para a dixitalización do proceso produtivo ou a xestión da actividade económica.**
- e) **Custos xerais vinculados aos gastos de investimento** (honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores, asesoramento sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade). Estes custos xerais non poderán superar o 12% do custo total subvencionable.
- f) **Gastos notariais e rexistrais** derivados do inicio da actividade prevista no proxecto, así como a adquisición de patentes e licenzas, dereitos de autor e marcas rexistradas.
A suma dos gastos deste último punto coa suma dos gastos en custos xerais sinalados na liña anterior non poderán superar o 20% do conxunto dos gastos subvencionables do proxecto.
- g) **Medios e equipamentos de transporte**
- Proxectos produtivos
 - Adquisición vehículos de transporte ligados a actividades empresariais ou profesionais (cando dean lugar ao inicio dunha actividade económica).

- Gastos derivados da adecuación de vehículos para transporte de mercadorías ou prestación de servizos (sempre que non estean legalmente obrigados)
 - En ningún caso se subvencionará a adquisición e/ou adecuación de vehículos no sector do transporte (determinar segundo CNAE).
- b. Proxectos non produtivos
- Poderán subvencionarse os gastos de adquisición ou da adecuación de vehículos de transporte que estean asociados á prestación de servizos básicos como a atención a persoas maiores, a persoas dependentes ou a persoas con mobilidade reducida, sempre que non estean obrigados legalmente a esa adecuación unha vez iniciada a actividade.

GASTOS NON SUBVENCIONABLES

- a) Investimentos de reparación e mantemento das instalacións, así como de simple substitución ou reposición de equipamento e maquinaria, salvo que estea diferenciada da anterior (ben pola tecnoloxía ou porque mellore a súa capacidade de produción nunha porcentaxe superior a un 25% - achegando informe de técnico competente).
- b) O IVE recuperable polo promotor.
- c) Os gastos de funcionamento da operación subvencionada e material funxible.
- d) Maquinaria, equipamento e materiais de segunda man.
- e) A execución por medios propios, o traballo voluntario non remunerado ou man de obra propia.
- f) Os xuros das contas bancarias.
- g) Os investimentos realizados con carácter previo á presentación da solicitude de axuda, coa excepción dos custes xerais vinculados ao investimento, da adquisición de terreos e das licenzas de obra.
- h) Os investimentos que substitúan a outros que fosen financiados polos fondos Feader ou outro fondo comunitario e non transcorresen, polo menos, 5 anos, contados desde a data da realización do investimento.
- i) Os investimentos de forma ou rehabilitación de inmobles cuxa construción ou adquisición fose financiada polo fondo Feader ou outro comunitario e non transcorresen polo menos 5 anos contados desde a data da realización do investimento.
- j) Os xuros, recargas, multas coercitivas e sancións administrativas.
- k) Os gastos de procedementos xudiciais.
- l) A compra de dereitos de produción agraria, animais e plantas anuais e a súa plantación en investimentos no sector agrario.
- m) Os conceptos de “gastos xerais” e “beneficio industrial”, agás nos proxectos de promoción pública cando estas partidas formen parte do prezo de licitación de acordo coa normativa de contratación administrativa.

- n) Investimentos non relacionados directamente coas actividades desenvolvidas polo solicitante, así como as obras de simple ornamentación.
- o) Os gastos financeiros producidos como consecuencia do investimento.

REQUISITOS ESPECÍFICOS

PARA SERVICIOS E COMERCIO MINORISTA.

- A creación de **novos servizos ou novo comercio minorista, si xa existe na mesma entidade singular de poboación** (a non existencia deberá de acreditarse), deberá de crear polo menos 1 UTA de emprego para ser elixible.
- **Serán elixibles as ampliacións e melloras destes servizos e comercio** polo miúdo xa existentes.
- Serán **elixibles** os investimentos para dotar de **novos puntos de recarga para vehículos eléctricos**.

CREACIÓN DE SERVICIOS.

- Os proxectos para a **mellora e creación de servizos de transporte, mobilidade, accesibilidade e transporte de persoas con discapacidade, só serán elixibles si son desenvolvidos por entidades sen ánimo de lucro ou concellos**.
- As **iniciativas e actividades de custodia do territorio deberán ser promovidas por entidades de Custodia**, sendo promovidas en espazos naturais, zonas adxacentes, áreas de valor ambiental ou ENILs.
- A creación de **novos centros de interpretación estarán vinculados tematicamente a Espazos Naturais** Protexidos do territorio.
- A **creación de servizos que fomenten iniciativas de mobilidade sostible** (vehículos eléctricos; puntos de recarga) só serán elixibles sempre que sexan promovidos por unha entidade de Economía Social.

3. A ESTRATEXIA

Neste apartado recóllese a Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo 2023-2027 para o territorio de Mariñas-Betanzos.

LIMITACIÓNS SECTORIAIS

- a) Quedan excluídos os investimentos promovidos polas entidades públicas locais relacionados coa prestación de servizos enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como os servizos esenciais para os cales o artigo 86 da citada lei declara a reserva a favor das entidades públicas locais e os de prestación mínima previstos no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- b) Os proxectos de sinalización territorial quedan excluídos. Os proxectos de sinalización turística promovidos polos GDR limitaranse ás condicións e requisitos establecidos no artigo 44.f) da Resolución do 27 de abril de 2023 de Agader (DOG. Nº 89 do 10 de maio de 2023).
- c) Para os investimentos en establecementos turísticos e para os investimentos en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalería, rexerá o convenio de colaboración asinado entre Agader e a Axencia de Turismo de Galicia.
- d) Para os investimentos no sector das enerxías renovables: queda excluído de financiamento a través do programa Leader calquera tipo de investimento en enerxías renovables para venda á rede.
- e) No ámbito dos investimentos en actividades económicas do sector servizos (talleres, tinturarias, lavandarias, clínicas, tanatorios, asesorías, perruquerías, despachos profesionais, e calquera outra actividade asimilada ás anteriores do sector servizos): será de aplicación o que se recolle na EDLP.
- f) No ámbito dos investimentos no sector do comercio polo miúdo será de aplicación o que se recolle na EDLP.
- g) Os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais quedan excluídos de financiamento do programa Leader.
- h) Para a realización de investimentos en centros sociais, así como o seu acondicionamento e equipamento, tense identificadas, de forma expresa por parroquias, as necesidades de creación de novos locais sociais, de reforma ou de ampliación de locais sociais xa existentes. O GDR Mariñas-Betanzos ten identificado as seguintes parroquias onde se poderán facer investimentos: Limiñón, Montouto e Sarandóns (Abegondo); Cambás (Aranga); Guísamo e Moruxo (Bergondo); Piadela, Pontellas, Requián, San Pedro das Viñas e Tiobre (Betanzos); Brives, Cecebre, Cambre, Pravio, Vigo e Sigrás (Cambre); Paleo (Carral); Casatelo, Celas, Sésamo, Sueiro, Veiga (Culleredo); Verís (Irixoa).
- i) Os investimentos relacionados con instalación ou centros que presten o servizo de calquera ensinanza que teña carácter regrado quedan excluídos de financiamento a través do Programa Leader.
- j) Os investimentos consistentes na elaboración de estudos, edición de libros ou guías e páxinas web terán un límite máximo de 10.000 € por proxecto.

Neste apartado recóllense diferentes documentos de interese da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo 2023-2027 para o territorio de Mariñas-Betanzos.

- Novo marco normativo Leader 2023-2027.
https://drive.google.com/file/d/1WxYCF7pEONavmaObajK8sj4AmQ_XN34H/view?usp=drive_link
- Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente. Aptitude agraria. Recuperación de terras agrarias.
https://drive.google.com/file/d/1WxYCF7pEONavmaObajK8sj4AmQ_XN34H/view?usp=drive_link
- Coordinación coas estratexias globais de desenvolvemento rural de Galicia e cos restantes GDRs.
https://drive.google.com/file/d/14ozq7B3s3HuSp6xIJCnZwEadbpLYZ_gC/view?usp=drive_link

4. NORMATIVA LEADER

- Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección, do 17 de decembro de 2025, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da Intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), e se anuncia a convocatoria para o ano 2026.
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2026/20260202/AnuncioO90-020126-0004_gl.pdf
- Instrución AXR PEPAC 01/2023. Información, Publicidade e Visibilidade
https://drive.google.com/file/d/1s171QvvFK73lluXmvUa2yFzKoQSVRhp/view?usp=drive_link

5. SOLICITUDE AXUDA LEADER

Á hora de realizar a solicitude de axuda ao programa LEADER, un dos documentos de maior interese que se debe coñecer é o que recolle os CRITERIOS PARA A BAREMACIÓN DOS PROXECTOS, entre outra información.

■ BAREMO

https://www.marinasetanzos.gal/wp-content/uploads/2026/02/Baremo_seleccipn_proxectos_GDR23-2026-2028.pdf

6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do **procedemento MR701L** da sede electrónica da Xunta de Galicia.

A información a cumprimentar en dito procedemento será a mesma que a recollida nos anexos II, III (proxectos produtivos), IV (proxectos non produtivos), V, VI-A e VI-B, que aparecen ao final do documento da convocatoria.

A documentación que se debe acompañar coa solicitude de axuda é a seguinte:

- 1) Documentación acreditativa da personalidade do solicitante e, de ser o caso, da representación do solicitante:
 - a) No caso de persoas xurídicas, esta acreditación realizarase mediante un certificado expedido polo Rexistro Mercantil ou outros rexistros públicos que correspondan en función da personalidade xurídica de que se trate, en que se identifique a constitución e a representación correspondente, con indicación do seu alcance e vixencia.
 - b) De non achegarse o dito certificado, deberanse presentar copia das correspondentes escrituras de constitución e do poder de representación, debidamente inscritas no rexistro público que corresponda segundo o tipo de personalidade xurídica de que se trate. Así mesmo, deberanse presentar as modificacións posteriores dos documentos indicados, así como a fotocopia do NIF, no caso de denegar expresamente a súa consulta.
- 2) Informe de vida laboral da empresa e/ou traballadores autónomos (12 meses anteriores á data de solicitude da axuda).
- 3) Informe cadro persoal medio de traballadores en situación de alta na empresa emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (12 meses anteriores á data de solicitude da axuda).
- 4) Últimas contas depositadas no rexistro correspondente e última memoria anual de actividades aprobada, en que figure o número de persoas empregadas do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance anual.
- 5) Declaración censual (modelos 036 ou 037) ou compromiso de comunicar o inicio de actividade á AEAT.

- 6) Memoria e resumo do proxecto en documento normalizado (anexo III Resumo do proxecto – plan de empresa – para proxectos produtivos, e anexo IV Resumo do proxecto – plan de xestión – para proxectos non produtivos).
- 7) Orzamento de gastos, desgregados por partidas e conceptos, necesarios para a execución do proxecto (anexo V).
- 8) Relación de ofertas solicitadas e elixidas, nos termos indicados no artigo 20 da convocatoria, segundo os documentos normalizados (anexo VI-A Relación de ofertas solicitadas e elixidas, e anexo VI-B Declaración sobre as ofertas solicitadas e elixidas).
- 9) Para todos os gastos incluídos na solicitude de axuda deberanse solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á súa contratación/compra. Débese seleccionar a oferta máis vantaxosa e de non ser o caso, elaborar unha memoria coa motivación de ter seleccionado outra oferta.
- 10) Documentación acreditativa de que o IVE soportado non é recuperable (de ser o caso).
- 11) Código de explotación agraria (de ser o caso).
- 12) Plano do Sixpac de localización dos investimentos.
- 13) No caso de empresas existentes, licenza de actividade do Concello (en primeira instancia admitirase declaración responsable de que se conta con dita licenza) ou, de ser o caso, acreditación da presentación da comunicación previa.
- 14) Anteproxecto ou memoria valorada, asinada por técnico competente, no caso de incluír obra civil.
- 15) No caso de que unha operación inclúa a adquisición de maquinaria ou equipamento, declaración responsable da inexistencia desta, ou, de ser unha substitución, que a nova adquisición corresponde a equipamentos ou maquinaria diferenciada dos anteriores, ben pola tecnoloxía utilizada ou porque mellore a súa capacidade de produción nunha porcentaxe superior a un 25% que deberá xustificarse achegando un informe dun técnico competente ou dun organismo debidamente autorizado.
- 16) No caso de proxectos relacionados co mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e de zonas de alto valor natural, informe de catalogación e solicitude de autorización da intervención ao departamento da Xunta competente na materia.
- 17) Certificado do cumprimento dos prazos de pagamento a provedores en cumprimento da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas contra a loita da morosidade.
- 18) Calquera outra documentación ou información adicional que o interesado considere de interese para unha mellor análise e valoración do proxecto.
- 19) DNI/NIE da persoa física solicitante.
- 20) NIF da entidade solicitante.
- 21) DNI/NIE da persoa representante.
- 22) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- 23) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas fronte á seguridade social.
- 24) Certificado acreditativo de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- 25) Certificado da renda (IRPF), da persoa física, correspondente ao último ou últimos exercicios fiscais.
- 26) Consulta de axudas e subvencións de *mínimis* ampliado, consulta de concesións ampliado e consulta de axudas de estado.

- 27) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- 28) Os proxectos produtivos deberán acreditar a súa viabilidade técnica, económica e financeira. O promotor poderá acreditar esta capacidade e solvencia mediante calquera medio válido admitido en dereito (por exemplo, certificacións bancarias expedidas polas entidades financeiras que acrediten a liquidez ou dispoñibilidade de crédito da empresa; títulos de propiedade de inmobles, maquinaria ou equipos que formen parte do activo fixo da empresa; certificados de titularidade accións, fondos ou outros instrumentos financeiros que aseguren o respaldo patrimonial; presentación de contratos vixentes con clientes importantes que garantan fluxos de caixa futuros (contratos de longa duración); en certos casos, unha carta de patrocinio dun terceiro que se comprometa a financiar a actividade si fose necesario (patrocinio ou avais), etc.
- 29) Formación específica do promotor (de ser o caso).